

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

3747 *Real decreto 165/2010, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de homologación de produtos de utilización específica no ámbito da defensa.*

Mediante o Real decreto 324/1995, do 3 de marzo, aprobouse o Regulamento de homologación da defensa.

Posteriormente, a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, estableceu unha serie de principios de aplicación xeral para a normativa reguladora do acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio dentro da Unión Europea. A transposición da directiva implicou a elaboración da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que entrou en vigor o 27 de decembro de 2009, que incorpora parcialmente ao dereito español a directiva citada.

A adaptación das normas xurídicas xa vixentes exixiu un proceso de revisión para determinar as normas que era necesario modificar e adaptar á directiva. Con este obxectivo elaborouse a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

En relación coa adaptación da normativa regulamentaria, o 12 de xuño de 2009, o Consello de Ministros adoptou un acordo no cal se contiñan as directrices e o calendario de tramitación destas modificacións.

A experiencia acumulada no campo da homologación demostrou a necesidade de se dotar dun novo instrumento xurídico-administrativo que regule as actuacións no dito campo, para conseguir unha maior eficacia e un mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles.

Por iso, ademais de introducir as necesarias modificacións exixidas pola citada Directiva 2006/123/CE no Regulamento de homologación da defensa que modernice o actualmente existente, parece procedente realizar unha actualización deste que afecta os artigos 11, 12 e 15, presentando nun só corpo normativo as disposicións que regulan a súa aplicación. Considérase que todo isto debe estar recollido no Regulamento de homologación de produtos de específica utilización no ámbito da defensa que agora se aproba, en prol dunha maior claridade e seguridade xurídica.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, coa conformidade do ministro do Interior no que afecta a Garda Civil, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de febreiro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. Aprobación do Regulamento de homologación de produtos de específica utilización no ámbito da defensa.

Apróbase o Regulamento de homologación de produtos de específica utilización no ámbito da defensa que se insire a continuación.

Disposición transitoria única. Ámbito de aplicación temporal.

Os procesos de homologación de produtos e acreditación de laboratorios de ensaio iniciados ao abeiro do Regulamento de homologación da defensa derogado por este real decreto continuarán tramitándose ata a súa conclusión de acordo con este.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 324/1995, do 3 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de homologación da defensa.

Así mesmo, quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango en canto se opoñan a este real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre defensa e Forzas Armadas.

Disposición derradeira segunda. *Autorización de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Defensa para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de febreiro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Defensa,
CARME CHACÓN PIQUERAS

REGULAMENTO DE HOMOLOGACIÓN DE PRODUTOS DE ESPECÍFICA UTILIZACIÓN NO ÁMBITO DA DEFENSA

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Homologación.*

1. Para os efectos deste regulamento, enténdese por homologación a certificación por parte do Ministerio de Defensa de que un determinado sistema de armas, equipamento, produto ou proceso técnico cumpre as normas ou especificacións que se determinen como aplicables.

2. A homologación implica un conxunto de actividades que inclúen probas, ensaios, controis, cálculos, análises e avaliacións técnicas, para demostrar o cumprimento das normas ou especificacións, culminando o proceso coa expedición dun certificado de homologación, entendéndose por tal o documento emitido polo director xeral de Armamento e Material do Ministerio de Defensa, en que se garante que un determinado sistema de armas, equipamento, produto ou proceso técnico cumpre cos requisitos previamente establecidos.

3. Por medio da homologación dáse fe do cumprimento por un produto dos requisitos establecidos en normas ou especificacións, exímese de novas probas para a súa comprobación e, cando así se estableza de acordo co especificado no artigo 4, autorízase o seu uso no ámbito do Ministerio de Defensa.

Artigo 2. *Produto.*

1. Para os efectos deste regulamento entenderase como produto o sistema de armas, equipamento, produto propiamente dito ou proceso técnico, e incluírá materiais, artigos, elementos, compoñentes, conxuntos e subconxuntos. Tamén se utilizará para se referir a familias de produtos.

2. O termo produto poderá ser aplicado a prototipos co tratamento adecuado á súa singularidade.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

Este regulamento será de aplicación unicamente aos produtos que sexan de específica utilización no ámbito da defensa de acordo co especificado no artigo 346 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Artigo 4. *Produtos de homologación obrigatoria.*

1. Serán homologados obrigatoriamente antes da súa adquisición polos diversos organismos do Ministerio de Defensa aqueles produtos que se determinen mediante resolución do director xeral de Armamento e Material. Estes produtos serán seleccionados aplicando os criterios de homologación acordados pola Comisión de Homologación, de acordo con este regulamento.

2. Esta obrigatoriedade xustificárase cando o produto se poida englobar nalgúns dos seguintes grupos:

a) Produtos cuxo fallo poida facer perigar o cumprimento dunha misión, ou cuxo funcionamento debe considerarse seguro, tanto desde o punto de vista operativo como respecto á seguridade e supervivencia das persoas e cousas.

b) Produtos que por necesidades operativas ou requirimentos lóxicos sexan propostos polos exércitos.

c) Produtos para os que se requira unha calidade e fiabilidade especiais polos requirimentos dos servizos que prestan ou pola importancia intrínseca do sistema de armas, equipamento, etc., a que serven.

d) Produtos en que certas probas de comprobación dos seus requisitos técnicos sexan complexas, custosas ou de longa duración.

e) Produtos cuxa homologación obrigatoria derive da aplicación de acordos establecidos entre o Ministerio de Defensa e organismos internacionais.

3. Os fabricantes poderán solicitar a homologación dos seus produtos de acordo co estipulado neste regulamento, mesmo cando esta non fose declarada obrigatoria. Tras o estudo da solicitude e unha vez efectuadas as oportunas consultas, a Comisión Técnico-Asesora de Homologación poderá propoñer a inclusión destes produtos entre os de homologación obrigatoria.

Artigo 5. *Normativa aplicable.*

1. Con carácter xeral, as normas ou especificacións utilizadas nos procesos de homologación poderán pertencer a coleccións de normas ou especificacións técnicas militares e civís, tanto nacionais como estranxeiras, de recoñecida solvencia no campo tecnolóxico a que pertenza o produto obxecto de homologación.

2. No caso de produtos de homologación obrigatoria, a resolución que establece a obrigatoriedade da súa homologación incluírá a relación das normas ou especificacións que, en cada caso, rexerán no proceso, previamente á súa iniciación, salvo que razóns de confidencialidade aconsellen outra cousa.

3. Nos casos non incluídos no punto anterior, a relación de normas ou especificacións que sirvan para desenvolver o proceso de homologación deberán estar incluídas na resolución con que culmine este.

CAPÍTULO II

Autoridades e órganos competentes

Artigo 6. *Autoridades e órganos.*

As autoridades e órganos que interveñen nas diversas actividades de homologación no ámbito da defensa son as seguintes:

a) El director xeral de Armamento e Material, que é a autoridade nacional de homologación no ámbito de actuación do Ministerio de Defensa.

b) A Comisión de Homologación da Defensa, que como órgano colexiado e baixo a presidencia do director xeral de Armamento e Material, acorda a política de homologación do Ministerio de Defensa.

c) A Comisión Técnico-Asesora de Homologación, que é o órgano colexiado de traballo para as actividades de homologación e de asesoramento e apoio das actuacións da Comisión de Homologación e do director xeral de Armamento e Material.

d) A Unidade de Homologación da Dirección Xeral de Armamento e Material, que exerce as funcións de Secretaría Permanente das Comisións de Homologación da Defensa e Técnico-Asesora de Homologación.

e) O Estado Maior da Defensa, os exércitos, os órganos centrais do Ministerio de Defensa, a Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil (ámbito do Corpo da Garda Civil), o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA) e o Canal de Experiencias Hidrodinámicas de El Pardo (CEHIPAR), que actuarán na homologación no ámbito da defensa de acordo co artigo 10.

Artigo 7. *Director xeral de Armamento e Material.*

O director xeral de Armamento e Material terá as seguintes atribucións:

a) Presidir a Comisión de Homologación da Defensa.

b) Aprobar os expedientes de homologación mediante a sinatura da resolución e do certificado de homologación correspondente, así como as prórrogas a este.

- c) Determinar os produtos de homologación obrigatoria mediante a sinatura da resolución correspondente.
- d) Deixar sen efecto os certificados de homologación cando así se determine.
- e) Resolver as solicitudes de extensións dos certificados de homologación que se requiran.
- f) Aprobar os expedientes de designación de centros mediante a sinatura da resolución correspondente.
- g) Actuar como punto focal, dentro do Ministerio de Defensa, das autoridades nacionais de homologación doutros países integrados na Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN), para a aceptación de produtos homologados neles, pola aplicación dos acordos de normalización OTAN (STANAG), que fosen ratificados e implantados en España.

Artigo 8. *Comisión de Homologación da Defensa.*

1. A Comisión de Homologación da Defensa, adscrita á Dirección Xeral de Armamento e Material, terá as seguintes atribucións:

- a) Establecer, modificar ou suprimir criterios de homologación obrigatoria de produtos.
- b) Elaborar os plans ou programas sobre homologación que se consideren necesarios, establecendo as necesidades, prioridades e áreas de interese.
- c) Fixar e unificar criterios para a resolución de expedientes relativos á homologación de produtos.
- d) Emitir informes previos sobre os proxectos de regulamentos, normas e especificacións relativos á homologación de produtos.
- e) Emitir os informes que en materia de homologación sexan solicitados polos órganos superiores do Ministerio de Defensa ou pola Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil (ámbito do Corpo da Garda Civil).

2. A Comisión de Homologación de Defensa terá a seguinte composición:

- a) Presidente: director xeral de Armamento e Material.
- b) Vicepresidente: subdirector xeral de Inspección e Servizos Técnicos da Dirección Xeral de Armamento e Material.
- c) Vogais:
 - 1.º Subdirectores xerais da Dirección Xeral de Armamento e Material.
 - 2.º Director do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA).
 - 3.º Director do Canal de Experiencias Hidrodinámicas de El Pardo (CEHIPAR).
 - 4.º Xenerais e almirantes xefes da División de Loxística do Estado Maior Conxunto da Defensa e das divisións de loxística dos estados maiores dos exércitos.
 - 5.º Subdirector xeral de apoio da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil.
- d) Secretario: xefe da Unidade de Homologación da Dirección Xeral de Armamento e Material.

3. Os membros da Comisión de Homologación recibirán, a través da Secretaría Permanente, información sobre as actuacións da Comisión Técnico-Asesora de Homologación para declarar produtos que deben ser homologados, entendéndose que, salvo reparo expreso, son de conformidade.

4. A Comisión poderá reunirse en sesións ordinarias e extraordinarias. As reunións ordinarias serán dúas ao ano e convocaranse cada seis meses. A Comisión de Homologación da Defensa poderá reunirse en sesións extraordinarias sempre que as circunstancias así o requiran e tantas veces como sexa preciso.

5. As actuacións da Comisión axustaranse ao previsto no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 9. *Comisión Técnico-Asesora de Homologación.*

1. A Comisión Técnico-Asesora de Homologación, adscrita á Dirección Xeral de Armamento e Material, terá as funcións que se expoñen a continuación:

- a) Velar pola aplicación dos criterios establecidos para a homologación de produtos e polo cumprimento dos programas previamente planificados.
- b) Decidir sobre a normativa aplicable e os requisitos que deberán cumprirse en cada proceso de homologación.
- c) Elaborar os informes e realizar os traballos que lle sexan encomendados pola Comisión de Homologación da Defensa ou o director xeral de Armamento e Material.
- d) Seleccionar, de acordo cos criterios de homologación establecidos, os produtos cuxa homologación sexa obrigatoria antes da súa adquisición e propoñer a súa aprobación ao director xeral de Armamento e Material.
- e) Informar os membros da Comisión de Homologación a través da Secretaría Permanente sobre as actuacións para a determinación de produtos que se van homologar.
- f) Dirixir os procesos de homologación a través da información que sobre o seguimento e coordinación destes presente a Unidade de Homologación.
- g) Realizar o seguimento e vixilancia das actuacións dos centros e laboratorios nos procesos de homologación.
- h) Resolver as discrepancias e os conflitos que poidan xurdir durante os procesos de homologación.
- i) Propoñer as resolucións e certificacións de homologación ao director xeral de Armamento e Material.
- j) Propoñer a designación de centros de actividade técnica para os procesos de homologación.

2. A Comisión Técnico-Asesora de Homologación estará composta por:

- a) Presidente: o subdirector xeral de Inspección e Servizos Técnicos.
- b) Vicepresidente: o xefe da Área de Regulación Industrial da Subdirección Xeral de Inspección e Servizos Técnicos.
- c) Vogais: un representante, como mínimo, de cada unha das subdireccións xerais da Dirección Xeral de Armamento e Material, dos órganos loxísticos dos exércitos, do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial, do Canal de Experiencias Hidrodinámicas de El Pardo, da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil (ámbito do Corpo da Garda Civil), do Ministerio de Industria Turismo e Comercio e da Asociación Española de Normalización e Certificación (AENOR).
- d) Vogal secretario: o xefe da Unidade de Homologación da Dirección Xeral de Armamento e Material.

3. O director xeral de Armamento e Material, por proposta do presidente da Comisión Técnico-Asesora de Homologación, poderá convocar expertos, que intervirán na Comisión con voz pero sen voto.

4. As actuacións da Comisión axustaranse ao previsto no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. Para o mellor desempeño das súas funcións, a Comisión Técnico-Asesora de Homologación, co apoio da Unidade de Homologación, poderá decidir a creación de grupos de traballo por ramas ou agrupacións de ramas de produtos, coa participación, cando sexa necesaria, dos centros e laboratorios oficiais para a defensa e coa colaboración, se for o caso, das persoas que, pola súa experiencia e coñecementos, se considere oportuno.

Artigo 10. *Organismos promotores de homologación.*

1. O Estado Maior da Defensa, os exércitos, os órganos centrais do Ministerio de Defensa, a Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil (ámbito do Corpo da Garda Civil), o INTA e o CEHIPAR terán, no ámbito deste regulamento, as seguintes competencias:

a) Propoñer o establecemento, modificación ou supresión de criterios de homologación obrigatoria.

b) Propoñer os produtos cuxa homologación deba ser obrigatoria, de acordo cos criterios de homologación establecidos.

2. As propostas indicadas no punto anterior irán dirixidas ao director xeral de Armamento e Material polos condutos regulamentarios.

3. Cando se trate do establecemento, modificación ou supresión de criterios de homologación obrigatoria de produtos, as ditas propostas irán acompañadas da xustificación razoada do seu interese.

4. As propostas de declaración de produtos de homologación obrigatoria xustificarán a súa necesidade pola aplicación dos criterios establecidos.

Así mesmo, conterán as consideracións adecuadas con respecto á incidencia que a homologación poida provocar sobre os custos, prazo de entrega, fiabilidade e calidade do produto.

Ademais, xunto cos escritos, os organismos orixinadores indicarán as normas ou especificacións en que se deberá basear o proceso de homologación ou, no seu defecto, información suficiente das características do produto para a elaboración da correspondente norma ou especificación.

Por último, as propostas poderán conter calquera outra información que se considere adecuada.

5. As actuacións sinaladas no número 1 deste artigo poderán ser tamén realizadas polos demais órganos e autoridades relacionados no artigo 6.

CAPÍTULO III

Centros e laboratorios

Artigo 11. *Designación de centros e acreditación de laboratorios.*

1. O recoñecemento da capacidade de centros para realizar as actividades técnicas requiridas para a homologación de produtos, así como da súa imparcialidade nos xuízos sobre os resultados obtidos realizarase mediante a designación de centros de actividade técnica.

2. A designación de centros será realizada polo director xeral de Armamento e Material, por proposta da Comisión Técnico-Asesora de Homologación, e publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e no de Defensa.

3. Poderán ser designados centros de actividade técnica para efectos de homologación aqueles que, dependendo das administracións públicas, reúnan, a criterio da Comisión Técnico-Asesora de Homologación, as condicións adecuadas de capacidade e competencia.

4. Así mesmo, poderán ser tamén designados aqueles centros públicos que teñan recoñecida a súa competencia mediante disposición regulamentaria.

5. Os centros que non dependan do Ministerio de Defensa poderán ser designados como consecuencia da súa solicitude a este departamento ou por iniciativa del, logo de autorización da autoridade de quen dependan.

6. Os ensaios necesarios para verificar o cumprimento das normas ou especificacións de referencia no proceso de homologación levaranse a cabo en laboratorios de ensaio acreditados pola Entidade Nacional de Acreditación conforme o disposto na norma UNE-EN ISO/IEC 17025 «Requisitos xerais para a competencia dos laboratorios de ensaio e calibración» ou a que a substitúa.

Artigo 12. *Convenios de colaboración e cooperación.*

1. Para o mellor desenvolvemento das competencias da Dirección Xeral de Armamento e Material no campo da homologación, poderanse establecer convenios de cooperación e colaboración con entidades públicas ou privadas. Estes convenios terán por obxecto o desenvolvemento de actuacións parciais no campo da homologación complementando as actuacións da Dirección Xeral de Armamento e Material ou realizando aquelas que non poidan ser verificadas directamente por esta.

2. O convenio recollerá, cando proceda, os investimentos necesarios para o seu desenvolvemento, así como a utilización ou cesión de medios materiais e instalacións da Administración para o cumprimento dos fins do convenio, sen que esta cesión ou utilización afecte a súa titularidade.

3. Así mesmo, o convenio recollerá, entre outros aspectos, o programa de traballo que se vai realizar, así como os medios humanos e materiais que serán utilizados para iso.

4. Por último, en virtude do convenio, a Dirección Xeral de Armamento e Material poderá formar parte do órgano reitor do laboratorio obxecto do convenio.

CAPÍTULO IV

Homologación de produto

Artigo 13. *Aspectos xerais.*

1. El proceso de homologación dun produto rexerese polo procedemento descrito neste capítulo.

2. En calquera caso, o recoñecemento oficial concedido ao abeiro deste regulamento non exime o fabricante ou importador das responsabilidades en que incorra, se o resto da súa produción non for conforme coa do produto homologado, así como aqueloutras de toda clase derivadas da utilización do produto.

3. A documentación que sirva de base para a homologación, debidamente selada e, se for o caso, protexida, estará en todo momento á disposición dos organismos oficiais competentes, e quedará depositada ben nas dependencias destes ou nas do solicitante, a criterio da Comisión Técnico-Asesora de Homologación, sempre coas debidas garantías de seguridade e confidencialidade, incluíndo estas garantías o control de configuración.

4. O modelo ou modelos utilizados na homologación depositaranse, así mesmo, cando se estableza, debidamente identificados e salvagardados, nas dependencias do fabricante.

5. Non obstante, en función dos requisitos específicos de cada homologación, poderanse seguir outros procedementos.

6. Para construcións únicas, prototipos ou produtos de especiais características funcionais ou de aplicación, a Comisión Técnico-Asesora de Homologación fixará criterios en función das peculiaridades de cada caso.

7. As solicitudes de homologación, modificación e renovación establecidas nos artigos 14, 17 e 20, respectivamente, poderán realizarse por medios electrónicos, conforme a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 14. *Solicitud.*

1. A solicitude de homologación será dirixida ao director xeral de Armamento e Material polo fabricante nacional ou polo representante ou importador, de ser o caso. Nela farase constar:

a) Denominación e descrición xeral do produto, identificando a procedencia dos seus compoñentes básicos e o detalle da tecnoloxía específica empregada, con indicación de se é española, estranxeira ou mixta, caso en que se farán constar as porcentaxes correspondentes.

b) A identidade e nacionalidade do peticionario, incluíndo polo menos os seguintes datos:

- 1.º Nome completo (razón social).
- 2.º Nome abreviado ou siglas (de existiren).
- 3.º Número de identificación fiscal (NIF).
- 4.º Certificado de inscrición do fabricante nos rexistros de empresas da Dirección Xeral de Armamento e Material.
- 5.º Localización da sede social e da planta de fabricación.
- 6.º Localización doutros establecementos (factorías, delegacións, sucursais, etc.).
- 7.º Relación dos subcontratistas que interveñen na fabricación do produto que se pretende homologar en que se indique a localización das súas factorías.
- 8.º Proposta do laboratorio de ensaio acreditado para a realización dos ensaios previstos nas normas ou especificacións de referencia, para a homologación que solicita.

2. Xunto coa solicitude achegarase, por triplicado, a seguinte documentación:

a) Para produtos de fabricación nacional:

- 1.º Normas ou especificacións que serviron de base para o deseño, a fabricación e o ensaio do produto, ou cuxo cumprimento se pretende.
- 2.º Descrición dos ensaios realizados e certificados ou informes dos centros e laboratorios en que se efectuasen.
- 3.º Avaliación do sistema de aseguramento da calidade, de acordo coa correspondente Publicación Española de Calidade do Ministerio de Defensa (PECAL), certificado pola Dirección Xeral de Armamento e Material.
- 4.º Documentación de proxecto e fabricación, que deberá incluír memoria técnica do proxecto, planos e proceso de fabricación do produto que se pretende homologar.
- 5.º Plan de calidade e manuais de mantemento e utilización.
- 6.º Relación de modelos dispoñibles e a súa localización.

b) Para produtos de importación exixirase a mesma documentación que na letra a), coa excepción da documentación correspondente ao parágrafo 3.º da dita letra que será substituída pola seguinte: avaliación do sistema de aseguramento da calidade, segundo a correspondente «Allied Quality Assurance Publication» (AQAP), certificada polo organismo oficial de calidade da nación de que se trate ou acreditación do cumprimento das PECAL no caso de países non membros da OTAN.

3. No caso de que un produto de importación estea homologado no seu país de orixe, a homologación poderá ser validada tras o estudo da documentación que a sustenta. Para estes efectos poderá terse en conta a existencia de acordos de reciprocidade.

Artigo 15. *Avaliación.*

1. A Comisión Técnico-Asesora de Homologación, unha vez examinada a solicitude pola Unidade de Homologación, avaliará o contido dos documentos achegados, comprobando que se cumpren os requisitos de deseño, fabricación, funcionamento e probas, así como de calidade que sexan exixidos polas normas ou especificacións aplicables. Tras esta análise admitirá, se procede, a solicitude.

2. Contra a inadmisión da solicitude poderá interpoñerse recurso de alzada ante o director xeral de Armamento e Material, cuxa resolución pon fin á vía administrativa.

3. As deficiencias documentais encontradas na solicitude serán comunicadas ao solicitante para a súa emenda, consonte o previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. Unha vez aceptada a solicitude, a Comisión Técnico-Asesora de Homologación adoptará unha das seguintes decisións:

a) Propoñer, sen máis trámite, a homologación do produto no caso de que a documentación achegada o permita.

b) Realizar as actividades técnicas que procedan (probos, ensaios, etc.), para cuxo fin designará o centro ou laboratorio competente para a súa realización, a cal finalizará cun informe técnico preceptivo que será determinante para a resolución do procedemento, para os efectos previstos no artigo 83.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de tal maneira que, de non emitirse en prazo este informe, quedará interrompido o prazo para ditar resolución.

5. Cando se precisen actividades técnicas, o solicitante, unha vez notificado diso, deberá presentar ao centro ou laboratorio designado unha proposta de programa de homologación que cubrirá, polo menos, os seguintes aspectos:

- a) Asignación de responsabilidades dentro da empresa.
- b) Plan de actividades ou ensaios.
- c) Prazos.

O centro ou laboratorio elaborará a partir desta proposta o programa de homologación definitivo e remitirallo á Comisión Técnico-Asesora de Homologación para a súa aprobación.

6. A Comisión Técnico-Asesora de Homologación exercerá as súas funcións durante as actuacións provenientes da execución do programa de homologación, desde o comezo ata a súa finalización, e poderá designar representantes para asistir á realización dos ensaios que considere convenientes.

7. O centro ou laboratorio finalizará as súas actuacións coa remisión á Comisión Técnico-Asesora de Homologación dun informe preceptivo, tal e como se indica no número 4, letra b) deste artigo, que incluirá, se for o caso, unha atestación de conformidade, en que se especifique o resultado dos traballos realizados e a súa avaliación.

8. A Comisión Técnico-Asesora de Homologación poderá constituír un grupo de traballo que dirixa e coordine a realización das actuacións descritas nos puntos anteriores cando non sexa posible designar un centro ou laboratorio con capacidade e competencia suficiente para iso.

Artigo 16. *Resolución.*

1. O director xeral de Armamento e Material resolverá a solicitude, logo de proposta da Comisión Técnico-Asesora de Homologación. A este respecto, a Comisión Técnico-Asesora de Homologación terá en conta, ademais do resultado das actuacións de homologación, os antecedentes, se os houber, do solicitante en relación con homologacións xa concedidas.

2. A resolución conterá os datos de identificación do produto, das normas ou especificacións que serviron de base no proceso de homologación, así como o período de vixencia desta.

3. A resolución será notificada á empresa solicitante e publicarase no «Boletín Oficial del Estado» e «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa», outorgando un número á homologación concedida. Adicionalmente, emitirase o correspondente certificado de homologación no cal se incluírán, como mínimo, os datos indicados anteriormente.

4. Para un adecuado control e utilización dos produtos homologados, a Comisión Técnico-Asesora de Homologación editará listas de produtos homologados.

5. A resolución poderá ser obxecto de recurso de alzada ante o secretario de Estado da Defensa, cuxa resolución pon fin á vía administrativa.

6. Cando se observe un incumprimento doloso por parte do fabricante das condicións que permitiron a homologación, esta poderá quedar sen efecto tras incoarse o correspondente expediente contradictorio, sen prexuízo das demais responsabilidades cuxa existencia poida proceder.

7. Tamén poderá quedar sen efecto cando se observen defectos ocultos de deseño ou fabricación que poidan alterar as condicións de homologación, ou cando o fabricante

dificulte as actuacións de comprobación dos representantes dos organismos oficiais. Para tal fin, antes de tomar unha decisión tramitarase o oportuno expediente contradictorio.

Artigo 17. *Modificacións.*

1. Cando o fabricante desexe introducir calquera modificación no produto homologado ou no seu proceso produtivo, mantendo a validez do certificado de homologación concedido, deberá solicitalo ao director xeral de Armamento e Material.

2. A solicitude deberá ir acompañada da documentación detallada que recolla os cambios pretendidos. A Comisión Técnico-Asesora de Homologación designará o grupo de traballo, centro ou laboratorio para que emita o informe correspondente no cal se ditamine sobre o grao en que as modificacións afecten o cumprimento dos requisitos con que se obtivo a homologación. Este informe terá carácter preceptivo e será determinante para a resolución do procedemento, quedando interrompido o prazo para ditar resolución de acordo co previsto no artigo 83.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. Se as modificacións son relevantes, poderase exixir, previamente á emisión dese informe preceptivo, a realización de actividades técnicas complementarias para obter unha extensión do certificado de homologación.

4. O director xeral de Armamento e Material, logo de proposta da Comisión Técnico-Asesora de Homologación, autorizará, se procede, a modificación, mantendo a validez do certificado de homologación.

5. Contra a denegación da solicitude poderase interpoñer recurso de alzada ante o secretario de Estado da Defensa, cuxa resolución pon fin á vía administrativa.

Artigo 18. *Seguimento da produción.*

1. O seguimento da produción será realizado pola Dirección Xeral de Armamento e Material a través da Área de Inspeccións Industriais.

2. Cando, tras a recepción dos produtos, o usuario observe desviacións significativas das súas características coas resultantes da homologación, notificarallo á Comisión Técnico-Asesora de Homologación.

Artigo 19. *Vixencia da homologación.*

Con carácter xeral, a homologación concederáse por períodos de dous anos. Este prazo poderá ser variado a criterio da Comisión Técnico-Asesora de Homologación, xustificadamente, en función da complexidade e peculiaridades do produto.

Artigo 20. *Renovación da homologación.*

1. A homologación concedida poderá ser renovada por períodos iguais ao inicial, tantas veces como se considere conveniente.

2. Esta renovación deberá ser solicitada polo fabricante e estará condicionada ao mantemento das características do produto, da vixencia das normas ou especificacións utilizadas durante a homologación e do proceso produtivo.

3. Contra a denegación da renovación poderá interpoñerse recurso de alzada ante o secretario de Estado da Defensa, cuxa resolución pon fin á vía administrativa.

CAPÍTULO V

Prazos e actos presuntos

Artigo 21. *Prazos.*

1. O prazo para ditar e notificar a resolución para a designación de centros regulada no capítulo III será de seis meses.

2. O prazo para ditar e notificar a resolución expresa no caso de homologación de produtos prevista no capítulo IV será de seis meses.

3. O prazo para ditar e notificar a resolución sobre as solicitudes de modificacións previstas no artigo 17 será de seis meses.

4. O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a renovación de homologacións será de seis meses.

5. Os prazos para ditar e notificar a resolución dos distintos procedementos regulados neste regulamento contaránse a partir da entrada da solicitude nalgún dos rexistros xerais do Ministerio de Defensa, con independencia do medio utilizado para cursar a solicitude consonte o previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 22. *Actos presuntos.*

Para os efectos previstos no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as solicitudes previstas e reguladas neste regulamento poderán entenderse estimadas de non recaer resolución expresa nos prazos establecidos en cada caso.